



FICHA DE PRENSA

EXPOSICIÓN

“PEDRO SOLVEIRA. O QUE PASOU E O QUE ESTÁ POR VIR”

PRODUCCIÓN PROPIA DA

Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural. Concello de Vigo.

LUGAR: Casa das Artes. Planta baixa. Rúa Policarpo Sanz núm. 15. Vigo

INAUGURACIÓN: 21 de outubro de 2010, 20.00 h

CLAUSURA: 5 de decembro de 2010

HORARIO:

Luns a venres: 18.00 – 21.30 h

Sábados: 11.00 – 14.00 h, 18.00 – 21.30 h

Domingos e festivos: 11.00 – 14.00 h

COMISARIA: Alicia Garrido Fenés. Doutora en Historia da Arte.

SÍNTESE DO PROXECTO

A exposición “PEDRO SOLVEIRA. O QUE PASOU E O QUE ESTÁ POR VIR”, está producida pola Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural e ten coma protagonista a Pedro Solveira e a súa obra. O proxecto, comisariado por Alicia Garrido Fenés, presenta unha completa retrospectiva da traxectoria artística de Pedro Solveira, a través de 131 obras que proceden da propia colección do artista, ademais de coleccións privadas e corporativas.

Os diferentes espazos da sala, acollen obras de diversos formatos e materiais, que recollen a súa evolución dende que empezou a debuxar deseños para latas de conservas, cando só tiña 12 anos, ata a obra máis recente. Na mostra pódense ver murais e relevos da súa obra mais actual, obra figurativa cos esmaltes, debuxos e as súas queridas “pedras litográficas” dos seus inicios, os esmaltes e oxidacións sobre ferro cicelado, produto da súa propia investigación técnica e a súa evolución cara a outros materiais como a madeira, aluminio, PVC, cartón, cartolina e metacrilato. Tamén se presentará un audiovisual onde Pedro Solveira fará partícipe ao público das súas vivencias coma artista.

Catálogo

Con motivo desta mostra, a concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural, edita un catálogo de 150 páxinas, que inclúe textos de Domingo Villar -“Pedro Solveira”-, X. Antón Castro -“Pedro Solveira, a pintura no campo amplo da arquitectura, a música e a poesía”- e da comisaria da mostra Alicia Garrido Fenés - “O que pasou e o que está por vir”-, ademais de imaxes e información das obras en exposición.

Solveira plays Solveira

O día 23 de novembro de 2010, ás 20.00 h, presentarase na propia sala de exposición, a representación artístico-teatral **Solveira plays Solveira** do autor Ricardo Solveira Díaz, profesor da Escola de Arte Dramático de Vigo.

FICHA DE PRENSA

Actuación teatral onde se pretende reflectir un tránsito vital na figura do fillo Ricardo Solveira con respecto ao seu pai. Nacemento, aprendizaxe e relación con elementos son os vértices da función. A relación transversal que se produce entre as tres xeracións, a realidade dun ser inconcluso, o actor, que como Pinocho ou Frankenstein, nace nun taller coa ausencia de nai e como tal imperfecto. Os referentes textuais utilizados na función son fragmentos do libro *Solveira* con textos de Ramón Faraldo e poemas do poeta Gabriel Celaya.

Pedro Solveira. Reseña biográfica

Nace en Vigo no barrio de Teis en 1932. A partir do ano 1944 empeza a realizar estudos de litografía e litografía industrial. Pinta en óleo e acuarela. En 1946 realiza deseño de mobles. En 1949 viaxa a Francia. En París o arquitecto Rafael Leoz preséntalle a Le Corbusier. Realiza esmaltes e estuda procedementos cos ourives.

Regresa a Vigo en 1955. Instala o seu estudo na rúa Coutadas 27. Crea a técnica "pintura ao esmalte sobre ferro cicelado" coa que desenvolve a súa obra figurativa. Estuda co seu amigo o grande arquitecto José Bar Bóo o "modulor" de Le Corbusier que máis tarde aplicará como sistema de medidas. Deriva na evolución da súa técnica á "oxidación sobre ferro cicelado". A partir dos anos 65 inténase fundamentalmente no mundo do espazo.

A finais dos 60, despois de varias exposicións por España, comeza a súa andaina internacional: Caracas, Bos Aires, París, Xénova, Xenebra, Toquio, Berlín, Londres. Asina contrato coa Fontainebleau Art Gallery de Nova York. Coa devandita galería expón dende 1971 en Nova York, Cleveland, Filadelfia, Chicago, Detroit e Boston.

En 1974 é invitado de honra na XXIII Bienal de Gran Bretaña de Artist Enamellers en Londres. En 1979 inaugura en México como artista exclusivo a mostra "España 79". Máis tarde expón en Bos Aires e en Brasilia sendo o único artista español na colectiva de inauguración da Opus Gallery. En 1986, invitado pola Xunta de Galicia, inaugura a sala de exposicións do Pazo de San Caetano en Santiago de Compostela. Expón en São Paulo, Budapest, Praga, Porto e Coimbra.

Na década dos 90 inténase noutros procesos de creación tales como o *grattage*, *dripping*, colaxe, *frottage*... Elixo a madeira como soporte nunha obra de nova concepción construtivista. Aplica ácidos, sílices, *carborundum*... Centos de maquetas en cartolina ou madeira son reflexo de novos proxectos. Aparece na súa obra o metacrilato como soporte de baleiro para formas de gran perspectiva. Incorpora espellos con diversos azougues e outros materiais.

En 1996 Caixavigo organiza a súa Exposición Antolóxica dentro do ciclo "Grandes Artistas Galegos". Figura co catálogo número 34 dentro do devandito ciclo.

Volve a Nova York invitado por Jadite Galleries. Expón como artista exclusivo en Artexpo Nova York 2001. A galería México-Quintosol interésase para exposicións en Nova York e Londres. A obra móstrase tamén en San Francisco, Os Ánxeles e San Diego.

Nomeado Socio de Honra polo CD San Ramón en recoñecemento á obra realizada. O



FICHA DE PRENSA

College at Old Westbury recoñece o mérito da súa traxectoria artística e incorpora o libro de poemas "Solveira" á Biblioteca da Universidade do Estado de Nova York. Forma parte de xurados de diversos certames artísticos. É Socio de Honra da Asociación Española de Esmaltistas e Presidente permanente dos xurados das Bienais e Salóns Internacionais da devandita asociación. Nomeado Presidente de Honra da Asociación de Artistas Plásticos de Vigo. Presidente do xurado das exposicións do Eixo Atlántico de España e Portugal no período 2001-2003, etc.

Na actualidade continúa traballando nos seus estudos de Vigo e da Guarda

TEXTO DA COMISARIA

Pedro Solveira. O que pasou e o que está por vir.

Neste catálogo, preténdese amosar a magnitude da obra de Pedro Solveira, o seu discorrer no tempo e a súa evolución, desde que empezou a debuxar deseños metalgráficos, cando só tiña 12 anos, ata a obra máis innovadora actual, tan actual, que segue aínda en plena produción porque é un artista que sempre mira cara ao máis aló, cara ao lonxe, como un navegante, "un albatros", que busca conquistar no horizonte a nova obra aínda por realizar pero que na súa mente xa existe.

Segundo este criterio, entre a súa obra antiga e a súa obra recente, vanse ir desvelando todas as inquietudes deste artista universal que é o creador de numerosas e belísimas obras orixinais e insólitas, porque Pedro Solveira é un innovador e un traballador incansable e laborioso; é un home culto, xeneroso e sensible, ao que o seu deambular pola vida levoulle a explorar espazos e perspectivas; a contemplar cores e fulgores; a encher o seu espírito da harmonía da música que plasmará máis tarde na súa obra; a sentir a esencia da poesía e a forza da épica; a percibir presenza e ausencia de tantos admirados artistas da xeración anterior á súa que souberon pór en marcha, como el, toda a súa imaxinación para sacar adiante as súas obras.

É un artista que sempre busca expresarse a través da excelencia da súa obra cunha fantasía irrefreable porque, ademais de ser un bo debuxante, pintor de óleos e acuarelas, traballa como escultor e muralista, con infinidade de insospeitados materiais que investiga e ensaia ata descubrir todas as súas posibilidades e conseguir arrincarlles os seus segredos máis celosamente gardados para sublimalos ata convertelos en obras mestras.

Alicia Garrido Fenés

[Extracto do texto da comisaria para o catálogo da exposición]